



Certame artístico e literario
Lois Aldegunde
Relato breve e poesía
Rois 2024

O Día Mundial do Libro e dos Dereitos de Autor celébrase todos os anos o 23 de abril, data en que se pon de manifesto o papel que desempeña o libro na sociedade dos nosos días. En Galicia, coincide esta data moi próxima ao Día das Letras Galegas, o 17 de maio, día en que Galicia honra as súas letras e a súa lingua e que este ano se lle dedica a Luísa Villalta. Estas celebracións son o motivo polo que se pon en marcha o Certame artístico e literario Lois Aldegunde. Relato breve e poesía. Rois 2024.

O Certame leva o nome de Lois Aldegunde, docente de lingua galega en educación secundaria durante máis dunha década no CPI Plurilingüe Os Dices Rois, traballo que traspasou as paredes do centro e a través do que sementou nas mentes e nos corazóns de moitas xeracións o amor pola nosa lingua e pola nosa cultura.

As bases que o rexen son as seguintes:

PRIMEIRA

Poderán participar cantas persoas desexen sen límite de idade, para o que se crean as seguintes categorías, segundo o ano de nacemento, persoas nadas:

- a) Dente 2018 ata a actualidade
- b) Entre 2017 e 2015
- c) Entre 2014 e 2012
- d) Entre 2011 e 2007
- e) Ata 2006 (incluído)

SEGUNDA

As persoas participantes presentarán un único texto en galego, orixinal e inédito. Os textos, imaxes e ilustracións utilizados estarán libres de dereitos de autoría.

TERCEIRA

As modalidades que se establecen son tres:

1. Narrativa, para o que se estipula un máximo de dez folios.
2. Poesía, para o que se estipulan entre 10 e 60 versos.
Nestas dúas modalidades, o escrito presentase a ordenador co seguinte formato: DIN A4, letra arial, xustificado, tamaño de letra 12, interliñado 1,5 cm, marxes superior e inferior 2,5 cm e esquerda e dereita 3 cm.
3. As persoas participantes na categoría a), así como aquelas que non manexen a lectoescritura, poderán substituír os textos por debuxos, que se realizarán en grupo ou individualmente, empregando a técnica que se considere máis axeitada para o seu traballo. Presentarase nunha folla DIN A3.

CUARTA

Os traballos presentados deben incorporar algún elemento característico do concello de Rois. Deben responder ao tema proposto; do contrario, non entrarán a concurso.

QUINTA

O prazo de presentación dos traballos remata o 30 de setembro.

A entrega realizarase preferiblemente por medios electrónicos no seguinte enderezo: inscricions@rois.gal.

No asunto da mensaxe recollerase o texto: Certame Concello de Rois 2024.

Cada arquivo enviado identificarase co título da obra, seguido do pseudónimo do/a autor/a.

Na mesma mensaxe, a obra acompañarase do documento ANEXO a estas bases, asinado no caso de menores polo pai/nai/titor/a legal do/a menor participante no Certame.

Tamén se ofrece a opción de presentación por correo ordinario ou de forma presencial no Concello de Rois ou no edificio multiúsos de Rois, nos horarios de atención ao público estipulados. Entregarase nun sobre, en cuxo exterior conste: Certame Concello de Rois 2024, o título da obra, así como un pseudónimo da persoa autora da obra.

SEXTA

O xurado estará composto por persoas relacionadas co mundo da cultura e da educación e coñecedoras da realidade municipal.

SÉTIMA

Nas modalidades 1 e 2 establécense premios ás dúas mellores obras de cada categoría. Nestas modalidades, na categoría d), os premios serán en metálico, cun importe de 60 euros para os primeiros e 30 euros para os segundos. Na categoría e), os premios, tamén en metálico, serán de 100 euros para os primeiros e 50 euros para os segundos. No resto, os premios consistirán nun lote de libros.

Todas as persoas participantes recibirán un diploma acreditativo.

OITAVA

A participación neste certame supón a total aceptación das súas bases e da resolución do xurado. O Concello de Rois resérvase o dereito a facer uso dos traballos premiados.

Pode obter máis información nos teléfonos 981804109 (de 09.00 a 14.00) e 981816061 ou a través do enderezo electrónico inscricions@rois.gal.